



# Fichas divulgativas axudas desenvolvemento rural

## FICHA 1/DR



### Apicultura para a conservación da biodiversidade en zonas con limitacións naturais

Versión 2.3

Axudas no marco del PDR de Galicia 2014-2020 aprobado mediante Decisión de ejecución da Comisión C(2015) 8144 do 18/11/2015

#### NORMATIVA

- ✓ Regulamento (UE) 1305/2013 relativo á axuda de desenvolvemento rural a través do Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (FEADER).
- ✓ Regulamento (UE) nº 1306/2013 do Parlamento Europeo e do Consello, do 17 de decembro de 2013, sobre o financiamento, xestión e seguimento da Política Agrícola Común, polo que se derrogan os Regulamentos (CE) nº 352/78, (CE) nº 165/94, (CE) nº 2799/98, (CE) nº 814/2000, (CE) nº 1290/2005 e (CE) nº 485/2008 do Consello.
- ✓ Regulamento (UE) 1307/2013 relativo aos pagos directos ós agricultores en virtude dos réximes de axuda incluídos no marco da Política Agrícola Común (PAC).
- ✓ Real Decreto 1075/2014, sobre a aplicación a partir de 2015 dos pagos directos á agricultura e á gandería e outros réximes de axuda, así como sobre a xestión e control dos pagos directos e dos pagos ao desenvolvemento rural.

#### BENEFICIARIOS

- ✓ Apicultores (persoas físicas ou xurídicas) titulares dunha explotación apícola inscrita no correspondente rexistro (REGA) cos censos de colmeas actualizados e as alvarizas xeolocalizadas no sistema de coordenadas UTM.
- ✓ Que se comprometan voluntariamente a realizar as operacións obxecto da submedida nas condicións prescritas.

#### CONDICIÓNS ELIXIBILIDADE

- ✓ Recibir un **servizo de aconsellamento** específico dunha entidade de aconsellamento autorizada (inscrita no RESAXEGA).

#### COMPROMISOS

- ✓ **Manter un mínimo de 100 colmeas** situadas en municipios de Galicia designados como zonas de montaña e distribuídas polo **menos en 2 alvarizas**.
- ✓ Manter, como mínimo, as colmeas comprometidas durante os anos que dure o compromiso (**5 anos**). A estes efectos, consideraranse comprometidas e primables **un máximo de 80 colmeas/alvariza**.
- ✓ A distancia entre as alvarizas do mesmo beneficiario **será polo menos de 1 km**. Ademais, para ser primables, as coordenadas de localización de cada alvariza figurarán obrigatoriamente na solicitude de pagamento e deberán constar na base de datos oficial do REGA.
- ✓ Deberá presentar unha solicitude anual de pago dentro da Solicitude Única de axudas.

#### AXUDAS

- ✓ **12 €/colmea** situada en zonas de montaña, cun máximo de 80 colmeas/alvariza que cumpra os compromisos requiridos.